



## INSTRUCCIÓNS DE PAGO NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES C.P.I. ATIOS – Concello de Valdoviño

Segundo o recollido nas Ordenanzas Fiscais do Concello de Valdoviño, o pago deberá efectuarse **con carácter previo ao inicio da actividade**. Como máximo debe estar pagado nos primeiros 7 días do mes.

Efectuarase con carácter mensual mediante un dos seguintes procedimentos:

### A) En EFECTIVO, por ingreso directo mediante carta de pago.

Neste caso o usuario recollerá a carta de pago no colexio (as entrega o monitor/a) ou no Concello , procederá ao seu pago e entregará o xustificante do mesmo, co cuño do banco, ó monitor/a ou no Concello.

### B) Mediante TRANSFERENCIA.

No caso de escoller esta opción deberá:

- 1º Facer o ingreso por banca electrónica/transferencia cada mes
- 2º Enviar o xustificante de pago desa operación de ingreso cada mes a:

deportes@concellodevaldovino.com

Ou entregarllo impreso ó monitor/a da actividade ou no concello.

Sinalar no CONCEPTO:

- **Actividade na que está inscrito + ATIOS.**
- **Nome e apelido do alumno/a**
- **Mes que paga.**

*Exemplo: Baloncesto Atios, María Pérez, outubro.*

### CONTAS ONDE SE PODE INGRESAR

BANCO POPULAR (PASTOR): ES15 0238 8172 8606 6000 0173

ABANCA: ES47 2080 0213 5431 1000 0026

É moi importante ademáis de facer o ingreso **entregar ou enviar o xustificante de pago**, no caso contrario non nos consta o mesmo.

**En caso de baixa na actividade** antes da fin da tempada terá que **comunicalo con anterioridade ao fin de mes** para poder ofertar esa praza a outra persoa, de non facelo así seguirase a requirir o seu pagamento.

Non efectuar o pagamento poderá supoñer a baixa de oficio na actividade ademáis de poder esixirse o abono da débeda polo procedemento de apremio segundo o establecido no punto dous do artigo sétimo.